

A IDADE CONTEMPORÁNEA (S. XX – S.XXI)

Este é o segundo tema sobre a Idade Contemporánea, e neste caso centrarémonos nos S. XX e S. XXI.

O **S. XX** caracterízase por ser unha época de **CONFITOS** internacionais.

O **S. XXI** caracterízase por ser a época da **GLOBALIZACIÓN**.

S. XX, ÉPOCA DE CONFITOS INTERNACIONAIS

Estes conflitos internacionais tiveron gran repercusión na política, na sociedade, na economía e tamén na cultura.

O primeiro gran conflito foi a **I GUERRA MUNDIAL (1914 – 1918)**. Nesta guerra enfrontáronse por unha banda a **Tripla Alianza: Alemaña, Austria e Hungría**; contra a **Tripla Entente: Francia, Reino Unido e Rusia**. **Italia e Estados Unidos** aliáronse coa Tripla Entente durante a guerra.

A vitoria foi para a Tripla Entente no ano 1918 e asináronse varios acordos de paz, pero a inestabilidade seguiu en Europa.

No ano 1919 creouse a Sociedade de Nacións, coa finalidade de mediar na paz entre os países. Esta Sociedade de Nacións da lugar á Organización das Nacións Unidas (ONU).

Entre 1919 e 1939 houbo unha época de paz, coñecida co nome de **período entreguerras**.

No ano 1929 sucedeu unha gran crise mundial, denominada **CRACK DO 29**, onde moitas fábricas tiveron que pechar e moitos obreiros quedaron sen traballo.

Neste momento tamén se consolidan gobernos de grandes ditadores: Hitler en Alemaña e Mussolini en Italia.

No ano 1939 Alemaña con Hitler ao fronte invadiu novos territorios europeos, o que provocou a **II GUERRA MUNDIAL (1939 – 1945)**. Nesta guerra loitaron por **unha banda Alemaña, Italia e Xapón**, contra **os aliados: Francia e Reino Unido**, ao que se lle uniron máis tarde **Estados Unidos e a Unión Soviética**.

A II Guerra Mundial rematou cando os aliados ocuparon Italia e Alemaña e co lanzamento das bombas atómicas sobre as cidades xaponesas de Hiroshima e Nagasaki.

Entre 1945 e 1989 tivo lugar unha época de paz chamada GUERRA FRÍA. Denominouse así porque inda que non houbo enfrontamentos, si houbo unha gran tensión.

Como símbolo da Guerra Fría, en Belín construíse un muro (O Muro de Berín), que simbolizaba a separación entre os dous bandos europeos. **No ano 1989 coa caída do Muro de Berlín dáse por rematada a Guerra Fría**.

S. XXI, ÉPOCA DA GLOBALIZACIÓN

Coa caída do Muro de Berlín toda Europa quedou unida e as relacións entre países foi en aumento. Houbo maior comunicacións e polo tanto a economía, a sociedade e a cultura fóronse unificando nun mundo máis globalizado.

A GLOBALIZACIÓN é a difusión por todo o mundo do estilo de vida dos países desenvolvidos.

Esta globalización foi posible grazas ao aumento das novas tecnoloxías da información, da comunicación e do transporte.

Un exemplo de globalización é: unha camiseta que se diseña en Italia, se fabrica en China e se vende en España... as pezas dun

avión poden ser deseñadas en Estados Unidos, feitas en Alemaña e voar entre todos os países do mundo.

O maior desenvolvemento para a globalización foi INTERNET, unha rede de comunicación que pon en contacto xente, industria e economías de todo o mundo.

A CULTURA E A ARTE DOS S. XX E S. XXI

a) MODERNISMO

Inspirábase na natureza e usaba os avances tecnolóxicos da Revolución Industrial.

Destaca: Klimt




O bico (Klimt)

b) O EXPRESIONISMO

O expresionismo busca reflectir os sentimentos do artista ao observar unha paisaxe, un obxecto...

Destaca: Munch




O grito (Munch)

c) O SURREALISMO

É un estilo artístico que busca plasmar o mundo da imaxinación e dos soños do artista.

Destaca: Tanguy



Paisaxe surrealista (Tanguy)

d) O CUBISMO

Este estilo pictórico descompón as figuras e convérteas en figuras xeométricas.

Destaca: Pablo Ruíz Picasso



O Guernica (Picasso)

e) ARTE E NOVAS TECNOLOXÍA

As novas tecnoloxías deron lugar a novas formas artísticas e de expresión.

A fotografía e o cine inclúense agora como unha das artes máis importantes e influenciáveis.

A radio e televisión revolucionaron a cultura, pois fixeron que todas as persoas poidan recibir na súa casa as noticias, películas, series, música, teatro...

Grazas aos ordenadores avanzouse moito no mundo da animación (debuxos animados) e grazas a **internet** e ás redes sociais temos acceso a todo tipo de cultura de calquera parte do mundo.

Os últimos expoñentes artísticos de hoxe en día son os **INFLUENCER E YOUTUBERS**, que aproveitan internet e as redes sociais como medio de comunicar tendencias e ideas culturais.

ESPAÑA NOS S. XX E S. XXI

España estivo ao marxe nos conflitos internacionais, pero iso non implica que en España non houbera conflitos.

En España tivo lugar a GUERRA CIVIL ESPAÑOLA (1936 – 1939) onde unha parte do exército baixo o mando de Francisco Franco enfrontouse ao goberno republicano. A guerra rematou en 1939 coa vitoria do bando franquista. Franco estableceu a ditadura que rematou coa súa morte en 1975.

En 1975 restableceuse a monarquía con Xoan Carlos I e comezou a chamada TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA, que culminou no ano 1977 coas primeiras eleccións democráticas e a aprobación da actual CONSTITUCIÓN. A monarquía non é absolutista, pois os cidadáns teñen dereito a votar. A este tipo de monarquía chámasele MONARQUÍA PARLAMENTARIA.

No ano 1986 España entra a formar parte da Unión Europea, e dende ese momento a evolución económica e social foi en aumento en España.

A ARTE E A CULTURA EN ESPAÑA NO S. XX E S. XXI

a) MODERNISMO

Inspirábase na natureza e usaba os avances tecnolóxicos da Revolución Industrial.

Destaca: o arquitecto Gaudí




Parque Guell en Barcelona (Gaudí)

b) O SURREALISMO

É un estilo artístico que busca plasmar o mundo da imaxinación e dos sonhos do artista.

Destaca: Salvador Dalí



A persistencia da memoria (Dalí)




c) O CUBISMO

Este estilo pictórico descompón as figuras e convérteas en figuras xeométricas.

Destaca: Pablo Ruíz Picasso



Mujer con mandolina (Picasso)



A LITERATURA ESPAÑOLA DO S. XX

A literatura deste momento en España estivo moi marcada pola Guerra Civil Española, pois na posguerra había **CENSURA**.

A **CENSURA** é a falta de liberdade para poder expresar libremente o que un pensa.

Un dos poetas máis importantes en Castelán é **Federico García Lorca**. En Galicia destaca sobre os demais o nome de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez **Castelao**.

